



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria en funcións do Concello de Oleiros (A Coruña).-

CERTIFICADO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 25 de setembro de 2012, adoptouse acordo sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

“Punto 4.- Adopción de acordo para execución da sentenza nº 776/2012, correspondente ó recurso 4388/2009 interposto por D. Eduardo Sanjurjo Aller, contra orde de 11.03.2009, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, sobre aprobación definitiva parcial do PXMO. Aprobación do grafiado que recolle o fallo da sentenza

“O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo, ditou sentenza o 26 de xullo de 2012, na que estima parcialmente o recurso interposto contra a Orde de 11.3.2009 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, sobre aprobación definitiva parcial do PXMO.

A sentenza anula o que se refire á clasificación da parte da finca do actor indicada no fundamento sétimo (parcelas catastrais 247 e 248) e declara que ten que ser clasificada como solo urbano, desestimando as demais pretensións.

A Lei de Xurisdicción Contencioso Administrativo establece que cando a sentenza estimase o recurso contencioso si se tivese pretendido o recoñecemento e restablecemento dunha situación xurídica individualizada, recoñecerá dita situación xurídica e adoptará cantas medidas sexan necesarias para o pleno restablecemento da mesma (art.71) e tamén que a estimación de pretensións de recoñecemento ou restablecemento dunha situación xurídica individualizada só producirá efectos entre as partes (art. 72.3).

A situación xurídica individualizada que recoñece o fallo da sentenza de 26 de xullo de 2012, é a clasificación de solo urbano para as parcelas catastrais 247 e 248, sen determinar a ordenanza aplicable. Non obstante, o fundamento sétimo da sentenza xustifica a clasificación de urbano para ditas parcelas catastrais por súa integración na malla e conexión ás redes de saneamento, abastecemento de auga e subministro eléctrico a través da rúa Cerdeiras, de maneira que considera que “hay continuidad con el suelo urbano situado hacia el oeste que tiene acceso por la misma calle”, o que implica a cualificación de solo urbano consolidado ordenanza 2B, ao igual que as parcelas situadas ao oeste e lindantes coa rúa Cerdeiras, fixándose tamén a continuidade ás aliñacións no fronte das parcelas, determinación urbanística que o planeamento xeral debe establecer para o solo urbano (art. 54 f. da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).

Visto documento elaborado e informes emitidos, ao Concello Pleno, PROPONSE:

Primeiro.- Aprobar o grafiado que recolle o fallo da sentenza nº 776/2012 de 26 de xullo de 2012 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo, nos planos do PXMO: 1 (18) de estrutura xeral e orgánica; 2 (21D e 22D) ordenación e 3 (18) de xestión do documento de cumprimentación da Orde de 14 de marzo de 2007 da C.P.T.O.P.T. aprobado por Orde de 11 de marzo de 2009.

Segundo.- Remitir o documento á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para que aprrobe a proposta formulada polo Concello ou ben expoña



CONCELLO DE
OLEIROS

incidente de execución de sentenza no suposto de disconformidade cos medios e o procedemento a seguir para a execución da mesma (art. 109 da LXCA).

Terceiro.- Notificar a D. Eduardo Sanjurjo Aler.

Cuarto.- Dar conta ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección Segunda, para seu coñecemento a efectos de trámite de execución de sentenza nº 776/2012, correspondente ao recurso nº 4388/2009."

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 27 de setembro de 2012.-

Vº e Prace

O alcalde

Angel Garcia Bodane

